

# VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE

30  
XUÑO  
2024

Inscripcións ata as  
23.59h do 26 de xuño



Inscripcións na páxina web  
[www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)



Aperitivos despois da  
entrega de premios



Concello de  
Begonte

Total sport



Síguenos en



CONCELLO DE BEGONTE



[www.concellodebegonte.es](http://www.concellodebegonte.es)

	INICIO	CATEGORÍA	NACEMENTO/IDADE	DISTANCIA
ANDAINA	10.00H	ANDAINA	Todas as idades	7000 m.
CARREIRA ABSOLUTA	11.00H	SENIOR	Nad@s en 2005 a 34 anos	7000 m.
		VETERÁNS A	35 a 44 anos	7000 m.
		VETERÁNS B	45 a 50 anos	7000 m.
		VETERÁNS C	51 a 55 anos	7000 m.
		VETERÁNS D	De 56 anos en adiante	7000 m.
CARREIRAS MENORES	12.00H*	D	Nad@s en 2006/2007/2008	3500 m.
	12.15H*	C	Nad@s en 2009/2010/2011	2000 m.
	12.35H*	B	Nad@s en 2012/2013/2014	1000 m.
	12.45H*	A	Nad@s en 2015 e 2016	500 m.
	12.50H*	MINI	Nad@s en 2017 e 2020	150 m.

CARREIRA ABSOLUTA MASCULINA E FEMINEA		
1º MEDALLA + AGASALLO	2º MEDALLA + AGASALLO	3º MEDALLA + AGASALLO
EQUIPOS MASCULINO E FEMINEO		
1º 150€ + TROFEO	2º 100€ + TROFEO	
3º 75€ + TROFEO	4º 50€ + TROFEO	
RESTO CATEGORÍAS		
1º MEDALLA	2º MEDALLA	3º MEDALLA
TROFEO PARA O/A PRIMEIRO/A ATLETA LOCAL		
TROFEO PARA O EQUIPO QUE TEÑA MAIOR NÚMERO DE INSCRITOS		

\* Os HORARIOS DAS CARREIRAS MENORES PODERÁN VARIAR DEPENDENDO DO NÚMERO DE INSCRITOS/AS.

Codificación: 3N2AY9G6W/WPCCG/PAWESK/THRT  
 Inscripción: https://concellodebegonte.es/inscripcion/inscripcion-electronica/inscripcion-electronica.html  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico. Páxina 1 a 13





## REGULAMENTO VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE DOMINGO 30 DE XUÑO DE 2024

O **Concello de Begonte** inclúe na súa programación deportiva a “**VII Carreira Popular Concello de Begonte**”, co obxectivo de fomentar o deporte como hábito saudable, ademais de potenciar a dinamización do municipio.

### ARTIGO 1: DATA

A VII Carreira Popular Concello de Begonte celebrarase o 30 de xuño de 2024 dende as 10.00h e o punto de encontro e saída tanto da andaina como das carreiras estará situado no Club Fluvial de Begonte.

### ARTIGO 2: PARTICIPACIÓN

Poderán participar nesta proba tódalas persoas que o desexen. Cada atleta participa voluntariamente e declara, baixo a súa responsabilidade, que se encontra en condicións físicas óptimas para realizar a proba.

### ARTIGO 3: CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS

	HORA DE INICIO	CATEGORÍA	ANO NACEMENTO / IDADES	DISTANCIA
<b>ANDAINA</b>	10.00	ANDAINA	Todas as idades.	7000 m.
<b>CARREIRA ABSOLUTA</b>	11.00	SENIOR	Nad@s en 2005 a 34 anos	7000 m.
		Veteráns A	35 a 44 anos	7000 m.
		Veteráns B	45 a 50 anos	7000 m.
		Veteráns C	51 a 55 anos	7000 m.
		Veteráns D	De 56 anos en adiante	7000 m.
<b>CARREIRAS MENORES</b>	12.00*	D	Nados/as en 2006-2007-2008	3500 m.
	12.15*	C	Nados/as en 2009-2010-2011	2000 m.
	12.35*	B	Nados/as en 2012-2013-2014	1000 m.
	12.45*	A	Nados/as en 2015 e 2016	500 m.
	12.50*	Mini	Nados/as entre 2017 e 2020	150 m.

\*Os horarios das carreiras menores poderán variar dependendo do número de inscritos/as.





## REGULAMENTO VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE DOMINGO 30 DE XUÑO DE 2024

Na carreira absoluta tamén se establecerá unha **clasificación por equipos**, tanto na categoría masculina como na feminina. A puntuación realizarase pola suma dos tempos dos catro primeiros integrantes do equipo. Cada equipo deberá ter un mínimo de cinco integrantes en cada categoría. A inscrición dos equipos farase a través de invitación.

### ARTIGO 4 : CIRCUÍTO

O circuítto transcorrerá por vías asfaltadas e estará completamente pechado ó tráfico e acoutado con valos e outros elementos delimitadores naqueles tramos nos que non exista unha diferenciación natural. O percorrido estará sinalizado en cada punto quilométrico.

Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola Organización.

As carreiras terán lugar unicamente pola calzada do tráfico rodado, sen empregar ningunha zona peonil. Está prohibido o uso como zona de carreira as beirarrúas, zonas axardinadas, etc. O non cumprimento desta norma, así como recortar o trazado oficial, suporá a descualificación do/da infractor/a.

### ARTIGO 5: PECHE DE CONTROL DA CARREIRA ABSOLUTA

O control de chegada da proba absoluta pecharase 60 minutos despois da saída da mesma. Pasado ese tempo, o participante que continúe participando na carreira deberá retirarse do circuítto oficial da competición.

### ARTIGO 6: INSCRICIÓN, PRAZOS E COTAS

A **inscrición** realizarase online na páxina web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com).

O prazo para inscribirse rematará o mércores, **26 de Xuño de 2024, ás 23:59 horas**.

O custe da inscrición na **carreira absoluta** será de **6€ +1€** de aluguer de chip para o que non teña chip amarelo championchip, neste caso, haberá que aboar unha fianza de **5€** que se devolverá unha vez remate a carreira e se entregue dito chip. A inscrición na **andaina** e nas **carreiras menores** será **gratuíta**. Non se admitirán inscricións o día da proba.

A inscrición na carreira dá dereito a participar na proba, seguro de responsabilidade civil e de accidentes, así como a facer uso de tódolos servizos establecidos pola Organización para os/as participantes (ludoteca e inchable para os nenos/as, duchas no Pavillón Municipal de Begonte, gardarroupa, aparcadoiros, etc.), e dun agasallo conmemorativo da carreira.





## REGULAMENTO VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE DOMINGO 30 DE XUÑO DE 2024

Ademais, proporcionarase auga e avituallamento sólido a tódolos participantes en cada unha das carreiras no punto de avituallamento situado nun lugar visible despois da meta. E para finalizar este evento deportivo, tódolos participantes poderán degustar uns aperitivos gratis, finalizada a entrega de premios, no Club Fluvial de Begonte.

Non se devolverá o importe da inscrición por motivos alleos a Organización.

### ARTIGO 7: ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE

A recollida de dorsais e chips realizarase **o mesmo día da proba, dende as 09.00h ata 1h hora antes da saída da carreira absoluta e 1/2h antes para as carreiras menores**, no punto de información do Club Fluvial de Begonte.

Os dorsais son persoais e intransferibles e deberán levarse durante toda a proba visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poderse facer ningunha modificación no mesmo, nin dobreces que impidan unha correcta identificación.

Será obrigatoria a utilización do chip de cronometraxe subministrado pola Organización excepto para os/as propietarios/as de chip amarelo championchip, que poderán utilizar o seu. A andaina e a categoría Mini levarán a cabo a súa proba sen utilización de chip.

O chip irá correctamente atado nos cordóns das zapatillas ou cunha tobillera á altura do nocello.

**Ao finalizar a carreira os/as corredores/as deberán OBRIGATORIAMENTE devolver o chip facilitado pola Organización no punto de información onde recolleron o dorsal.**

Non serán admitidos/as pola Organización corredores/as que non estean inscritos ou corran sen dorsal e chip, ou co dorsal e chip correspondentes a outra carreira. Impedirase que teñan acceso á carreira en defensa dos dereitos dos regulamentariamente inscritos.





## REGULAMENTO VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE DOMINGO 30 DE XUÑO DE 2024

### ARTIGO 8: SISTEMA DE CRONOMETRAXE

A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chips de Multisports Galicia, S.L. Existirán varios puntos de control ó longo do percorrido. Os/As participantes que non cumpran co paso por tódolos puntos de control descualificaranse, o que suporá a non aparición nas listas de resultados oficiais finais.

### ARTIGO 9. CLASIFICACIÓNS, PREMIOS E TROFEOS.



Carreira Absoluta

PREMIOS		
CLASIFICACIÓN	FEMININA	MASCULINA
1º	MEDALLA + AGASALLO	MEDALLA + AGASALLO
2º	MEDALLA + AGASALLO	MEDALLA + AGASALLO
3º	MEDALLA + AGASALLO	MEDALLA + AGASALLO



Categorías B, C, D, Senior, Veteráns A, B, C e D

PREMIOS		
CLASIFICACIÓN	FEMININA	MASCULINA
1º	MEDALLA	MEDALLA
2º	MEDALLA	MEDALLA
3º	MEDALLA	MEDALLA





## REGULAMENTO VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE DOMINGO 30 DE XUÑO DE 2024



Por equipos

PREMIOS		
CLASIFICACIÓN	FEMININA	MASCULINA
1º	Trofeo + 150€	Trofeo + 150€
2º	Trofeo + 100€	Trofeo + 100€
3º	Trofeo + 75€	Trofeo + 75€
4º	Trofeo + 50€	Trofeo + 50€



Trofeo ao primeiro **atleta local** masculino e feminino empadroado.



Trofeo para o **equipo** que teña o maior número de atletas inscritos.



Medalla para tódolos corredores da **Categoría Mini**. Non haberá trofeos para esta categoría nin se farán clasificacións.



Medalla para tódolos corredores/as da **Categoría A**, así como MEDALLA ESPECIAL DA CARREIRA para os tres primeiros/as clasificados/as, tanto masculino como feminino.

Os premios e trofeos NON son acumulativos, excepto no caso do/a gañador/a do trofeo ó primeiro atleta local.

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Begonte a través dunha transferencia bancaria. Os/As participantes que resulten gañadores/as da carreira absoluta recollerán nese intre un vale do premio. Para poder realizar a transferencia do premio ó/a **gañador/a**, deberá presentar copia do vale, copia do DNI e certificación do número da conta bancaria nas oficinas do Concello ou remitir a documentación a través da sede electrónica do Concello de Begonte <http://begonte.sedelectronica.es/info.0>, (instancia xeral, tramitación electrónica), antes do **7 de xullo de 2024**.





## REGULAMENTO VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE DOMINGO 30 DE XUÑO DE 2024

### ARTIGO 10: ENTREGA DE PREMIOS

Os/As atletas premiados/as deberán situarse na zona próxima á entrega de premios no momento no que se faga o anuncio pola megafonía, así como estar pendentes da chamada de cada unha das categorías. A hora aproximada da entrega dos premios será entre a 13.15h -13.30h. Os/As gañadores/As deberán estar presentes na entrega de premios, salvo causa xustificada.

Agradecemos ás persoas responsables dos clubs que, se teñen constancia de que algún atleta non está presente, o comuniquen na zona habilitada para a entrega de premios o antes posible e así evitar esperas innecesarias.

Aqueles que poidan alegar unha causa xustificada pola ausencia no momento da entrega, débense poñer en contacto co Concello durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos e medallas non recollidas.

### ARTIGO 11: DESCUALIFICACIÓNS

Os/As membros da Organización resérvanse a facultade de descualificar ao/á infractor/a que, comprobada calquera irregularidade, non leve visible ou seu dorsal, manipule ou ceda o seu dorsal a alguén, altere os datos facilitados á organización con respecto ós que figuren non seu DNI ou ficha federativa, non complete o percorrido completo, manifeste un mal estado físico ou non facilite á Organización a documentación que se lle requira.

Descualifícaranse aos/ás corredores/as que non respecten as indicacións da Garda Civil, Protección Civil, Servizos Médicos ou membros da Organización debidamente identificados/as.

Os/As corredores/as descualificados/as non terán opción aos premios.

Os/As membros da Organización tamén se reservan o dereito de admitir a inscrición de todas aquelas persoas que non cumpran cos valores do deporte ou que teñan calquera tipo de causa ou sanción aberta por motivos de dopaxe, racismo, xenofobia, etc.





## REGULAMENTO VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE DOMINGO 30 DE XUÑO DE 2024

### ARTIGO 12: RESPONSABILIDADE

Tódolos participantes estarán amparados por unha póliza de RC e de accidentes, que cubrirá aqueles accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba.

Tódolos inscritos/as participan voluntariamente e declaran, baixo a súa responsabilidade, realizar o oportuno recoñecemento médico que lles permite estar en condicións físicas óptimas para realizar a proba, eximindo á Organización de dita responsabilidade.

A Organización:

- responsabilízase dos accidentes que se rexistren dentro do percorrido, pero declina toda responsabilidade no caso de padecemento latente, accidente por abandono do itinerario establecido, negligencia do participante, imprudencia ou inobservancia das leis ou da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición.
- disporá dos servizos médicos, de acordo coa lexislación vixente e coa colaboración da Garda Civil e de Protección Civil nos puntos máis estratéxicos do percorrido.
- non se fai responsable dos danos que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta proba.
- non se fai responsable das consecuencias que se deriven dunha inscrición defectuosa e /ou errónea por parte do/a corredor/a ou en quen este delegue.
- non se fai responsable da perda de obxecto ou documentación dos/as participantes.

### ARTIGO 13: RESULTADOS

Os resultados da carreira popular estarán dispoñibles na páxina web oficial da proba [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com).








## REGULAMENTO VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE DOMINGO 30 DE XUÑO DE 2024

### ARTIGO 14: INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ATLETA

- **Duchas e vestiarios masculinos e femininos:** unha vez rematada a proba estarán a disposición dos/as corredores/as vestiarios con duchas (masculino e feminino) no [Pavillón Municipal de Begonte](#)
- **Gardarroupa.** Os/as participantes poderán dispor de servizo de gardarroupa no punto de información do Club Fluvial.
- **Aparcadoiros:** os atletas contarán con zonas de aparcadoiro detrás do Pavillón Municipal de Begonte, na [Praza do Concello](#), e no [Club Fluvial de Begonte](#). Neste último, permitirase a entrada ata ás 9.30h, e non se permitirá a saída ata finalizada a entrega dos premios.
- **Ludoteca e inchable.** Disporase de ludoteca gratuíta para os/as nenos/as atletas e os/as fillos/as dos participantes mentres se disputan as carreiras.
- **Servizo de ambulancia con médico.**



### ARTIGO 15. AUTORIZACIÓN DO DEREITO DE USO DA IMAXE


Tódolos participantes polo feito de inscribirse autorizan a utilizar as fotografías e vídeos tomados no transcurso da carreira e facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsable, de acordo coa Lei Orgánica de protección datos de carácter persoal e aceptan a publicación tanto do seu nome, como da súa imaxe nas clasificacións da proba, nos medios de comunicación e na internet.






# REGULAMENTO VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE DOMINGO 30 DE XUÑO DE 2024

## ARTIGO 16: MAPA E PERFIL DAS CARREIRAS






# REGULAMENTO VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE DOMINGO 30 DE XUÑO DE 2024





# REGULAMENTO VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE DOMINGO 30 DE XUÑO DE 2024






## REGULAMENTO VII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE DOMINGO 30 DE XUÑO DE 2024

### ARTIGO 17:

O mero feito de inscribirse na Carreira supón a aceptación do presente regulamento.

O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.

A Organización resérvase o dereito de modificar ou anular o presente Regulamento se as circunstancias o aconsellan.



Concello de  
**Begonte**

